

Acta número 3/2008, da Comisión de Persoal.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Vincent

Presidencia da Xunta de Galicia

Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Manuela Guillán de Dios

Ramón del Valle

C.Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Santiago Roura Gómez

C. Economía e Facenda.

Luis E. Araujo Rodríguez

María J. Villavedra Gómez

C. Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

María Chas de la Calle

C. Innovación e Industria

Emilio Nogueira Moure.

María Dolores Rancaño Osorio.

C. Cultura e Deporte

Carlos Amoedo Souto

C. Educación e Ordenación Universitaria

Benito Fernandez Rodriguez.

José Canosa Baldomir

Marina García Valeiras.

C. de Traballo

José Vázquez Portomeñe

Polas Organizacións Sindicais

CIG

CC.OO

UGT

CSI-CSIF

Manuel Gallardo Canitrot

Ana Landrove Becerra

Susana Ameneiros Vilasanchez

José Francisco Núñez Rodríguez

Baltasar García García

Carmen Noya Castro

Álvaro Fernández Baamonde

En Santiago de Compostela, sendo as catorce horas do día vintedous de febreiro do ano dous mil oito, reúnense en sesión ordinaria no salón grande da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:

Punto Primeiro: Lectura e aprobación, se procede da acta 2/2008, correspondente á sesión anterior.

O representante de CIG alega que en relación ao punto terceiro non se recolleu na acta correspondente que manifestou que non lle parecía ético que as medidas a adoptar pola consellería apareceran nos medios de comunicación antes de que sexan informadas por esta comisión de persoal.

Coa anterior observación apróbase por unanimidade a acta 2/2008 correspondente á sesión anterior.

Punto segundo: Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

O representante da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar expón que agradece o trato e a boa sintonía das organizacións sindicais na negociación da relación de postos de traballo e manifesta que ao longo do ano 2008 seguirán creando emprego público.

O representante da CIG manifesta.

Que votan a favor da presente proposta.

O representante de CCOO manifesta.

Que se absteñen na presente proposta.

O representante de UGT manifesta.

Que se absteñen na presente proposta.

O representante de CSI-CSIF manifesta.

Que se absteñen na presente proposta.

A directora xeral manifesta que co voto a favor da CIG e a abstención de CCOO, UGT e CSI-CSIF se aproba a presente proposta de modificación de RPT.

Punto terceiro.: Proposta de Modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Aprobase a presente modificación de Relación de Postos de Traballo coa abstención das catro organizacións sindicais con representación na Comisión de Persoal.

Punto Cuarto.: Rogos e preguntas.

O representante de CIG pregunta sobre a suposta negociación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios sobre o persoal de limpeza e Subalternos que, sendo persoal dos concellos, presta servizos en centros dependentes da dita consellería.

O secretario xeral da Consellería contesta que se está a estudar a posibilidade de financiamento parcial aos concellos por parte da Xunta de Galicia cando estes teñan externalizados os ditos servizos.

O representante de UGT solicita que se leve á mesa xeral o decreto de modificación sobre prevención de riscos laborais e que se axilice a publicación do mesmo.

O representante de CCOO pregunta sobre o concurso de corpos xerais e a súa publicación.

O representante de CSI-CSIF pregunta sobre as convocatorias do III.63 e III.64.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás catorce horas vinte minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE
A PRESIDENTA

DOU FE
O SECRETARIO

Asdo.: M^a del Mar Rodríguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Vínce

